

## ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Sesión do 30 de agosto de 2006

### SEÑORES/AS ASISTENTES:

D<sup>a</sup>. Corina Porro Martínez  
D. José Manuel Figueroa Vila  
D<sup>a</sup>. Lucia Molares Pérez  
D. Ignacio López-Chaves Castro.  
D<sup>a</sup>. Soledad Polo Lima  
D. Carlos Comesaña Abalde  
D. Antonio Coello Bufill  
D<sup>a</sup>. Marta Iglesias Bueno

### NON ASISTEN:

D. José Manuel Couto Pérez  
D. Javier Jorge Guerra Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e corenta minutos do día trinta de agosto de dous mil seis e baixo a presidencia da Excm. Alcaldesa, Sra. Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Está presente por invitación, o secretario xeral do Pleno, Sr. Riesgo Boluda, por ausencia do titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

#### **1(1169).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sensión.

#### **2(1170).- PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE FAMILIA E INFANCIA E PETICIÓN DE INFORMES XURÍDICOS. EXPTE. 17087/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Benestar Social, do 24.08.06, conformado polo xefe do Sector de Acción Social e polo interventor xeral, que di o seguinte:

*Con data 13 de febreiro de 2006 iniciouse expediente número 13365-301 para a contratación dun dispositivo que desenvolva o programa de familia e infancia ó que figuran unidos os pregos de cláusulas administrativas particulares e condicións técnicas que rexeran a licitación.*

*O servizo de Familia e Infancia estase a prestar na actualidade pola empresa “Gabinete de Traballo Social Grupo 5,S.L.”, contrato en prórroga que finaliza o 31 de agosto de 2006.*

*A nova contratación tería que comezar a rexer a partires do 1 de setembro de 2006.*

*Que a data de hoxe non foi concluído o da nova contratación, motivo polo que se contactou co actual adxudicatario, “Gabinete de Traballo Social Grupo 5, S.L.”, solicitándolle unha prórroga na prestación dos servizos por un prazo máximo de un meses, desde o día 1 ó 31 de setembro, nas mesmas condicións dos pregos administrativos e particulares do contrato en vigor, prórroga que foi aceptada segundo comparecencia asinada no Departamento de Benestar con data vinte e catro de agosto actual.*

*En base ó anterior propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*“Aproba-la prórroga do contrato en vigor do servizo de Familia e Infancia, do cal é adxudicatario a empresa “Gabinete de Traballo Social Grupo 5, S.L.” por un prazo máximo de un meses a partir do 1 de setembro próximo, nas mesmas condicións dos pregos administrativos e particulares do contrato en vigor.*

*Aproba-lo gasto por importe total de TRINTA E CINCO MIL CINCOCENTOS CORENTA E UN CON SETENTA E CINCO (35.541,75) EUROS, IVE incluído, a favor de Gabinete de Traballo Social Grupo 5, S.L.con cargo ó funcional 3130 –Benestar Social-, partida 2260806–Programa de infancia e familia- do exercicio económico 2006, e de non ser suficiente a dotación da mesma, deberá recorrerse á bolsa de vinculación.”*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade co precedente informe, acorda:

1º.- Aprobar a prórroga do contrato en vigor do servizo de Familia e Infancia, do cal é adxudicatario a empresa “Gabinete de Traballo Social Grupo 5, S.L.” por un prazo máximo de un meses a partir do 1 de setembro próximo, nas mesmas condicións dos pregos administrativos e particulares do contrato en vigor.

2º.- Aprobar o gasto por importe total de TRINTA E CINCO MIL CINCOCENTOS CORENTA E UN CON SETENTA E CINCO (35.541,75) EUROS, IVE engadido, a favor de Gabinete de Traballo Social Grupo 5, S.L.con cargo ó funcional 3130 –Benestar Social-, partida 2260806–Programa de infancia e familia- do exercicio económico 2006, e de non ser suficiente a dotación da mesma, deberá recorrerse á bolsa de vinculación.

3º.- Solicitar da Área de contratación e da Asesoría Xurídica a emisión de informe xurídico no que á vista do obxecto do contrato definido no prego de cláusulas particulares administrativas que consta no expediente de contratación nº 13365/301, tendo en conta a actividade a desenvolver, ten en conta os destinatarios de dita actividade e tendo en conta as demais circunstancias concorrentes, se informa sobre a procedencia de incluír en dito prego unha cláusula pola que a empresa adxudicatario resulte obrigada á subrogación do persoal en virtude da sucesión empresarial sinalada no art. 44 do Estatuto dos Traballadores (subrogación de traballadores por imposición legal).

**3(1171).- DAR CONTA DO INFORME XURÍDICO SOLICITADO POLO VICEPRESIDENTE DA XMU EN RELACIÓN AO ESCRITO DE SUSPENSIÓN REMITIDO POLA DIRECCIÓN XERAL DE URBANISMO O 10.08.06 E DO INFORME DO XERENTE DA XMU EN RELACIÓN AO INFORME SECTORIAL DE COSTAS RECIBIDO NO CONCELLO DE DATA 30.06.06. EXPTE. 7266/411.**

Examinado o expediente a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, por unanimidade acorda:

1º.- Quedar enterada dos informes transcritos no anexo deste acordo emitido o primeiro deles polos servizos xurídicos a Xerencia municipal de Urbanismo en data 29 de agosto e referente á resolución do director xeral de Urbanismo da CPTOPeT de data 2.08.06, recibida no Concello o día 10 do mesmo mes, o segundo emitido polo xerente da Xerencia municipal de Urbanismo en data 21.08.06 con referencia ao informe sectorial do director xeral de Urbanismo en materia de costas recibido neste Concello o día 30.06.06.

Segundo:- Remitir o presente acordo aos seguintes órganos da Administración Autonómica:

- Sra. Conselleira da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes da Xunta de Galicia.
- Sr. Conselleiro da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.
- Sr. Director xeral de Urbanismo da Consellería de Política Territorial obras Públicas e Transportes.

Terceiro.- Instar da Sra. Conselleira da Consellería de Política Territorial Obras Públicas e Transportes a convocatoria da Comisión de Seguimento do PXOM de Vigo ao obxecto de avaliar as consideracións xurídicas manifestadas nos informes emitidos polas Administracións Autonómica e Municipal.

**ANEXO.**

**A) INFORME XURÍDICO SOLICITADO POLO VICEPRESIDENTE DA XMU EN RELACIÓN Ó ESCRITO DE SUSPENSIÓN REMITIDO POLA DIRECCIÓN XERAL DE URBANISMO O 10.08.06 (EXPTE. 7266/411)**

**Legislación Aplicable:**

- Constitución Española (C.E.)
- Estatuto de Autonomía para Galicia
- Directiva 2001/42/CE do Parlamento Europeo e do Consello relativa á avaliación dos efectos de determinados planes e programas no medio ambiente (Directiva 2001/42/CE)
- Lei 9/2006, de 28 de abril, sobre avaliación de determinados plans e programas no medio ambiente (Lei 9/2006)
- Lei Autonómica 9/2002, de 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (LOUGA)
- Lei Autonómica 15/2004, de 29 de decembro, de Modificación da Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (Lei 15/2004)

- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRXPAC)
- Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa (LRXCA)
- Lei 22/1988, de 28 de xullo, de Costas (Lei 22/1988)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL)
- Decreto 519/2005, de 6 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da CPTOPT (Decreto 519/2005)
- Decreto 158/2005, de 2 de xuño, polo que se regulan as competencias autonómicas na zona de servidume do dominio público marítimo (Decreto 158/2005)
- Decreto 119/1998, de 16 de abril, polo que se regula a composición e funcionamento da Comisión Superior de Urbanismo de Galicia (Decreto 119/1998)

Antecedentes: En data 10.08.06 tivo entrada no Rexistro xeral do Concello de Vigo, escrito procedente da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transporte, asinado en data 02.08.06 polo Director Xeral de Urbanismo, no que se comunica a interrupción do prazo establecido no artigo 85 da Lei 9/02, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, para a aprobación definitiva do expediente que está a tramitar o Concello respecto do Plan Xeral de Ordenación Municipal.

Mediante escrito de data 11 de agosto o Vicepresidente da Xerencia Municipal de Urbanismo solicita dos servizos xurídicos da Xerencia informe referente ó escrito do Director Xeral. Cumprindo tal petición emítese o seguinte INFORME:

O Director Xeral basea o requirimento de subsanación en tres puntos básicos: necesidade de obter un “informe favorable” en materia de costas, o cumprimento do contido da disposición transitoria primeira da Lei 9/06, de 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente e, por último, na espera do pronunciamento da Comisión Superior de Urbanismo no que respecta á proposta do Concello de redución da franxa de protección do solo rústico de protección de costas.

1.- Incompetencia do Director Xeral de Urbanismo para a resolución de acordos de suspensión na tramitación de procedemento de aprobación do plan xeral de ordenación municipal de Vigo.- O escrito presentado e asinado polo Director Xeral de Urbanismo, adoece dun vicio de nulidade absoluta, ou canto menos, de anulabilidade, ou carecer este órgano de competencia material. En efecto, o Decreto 519/2005, de 6 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes (modificado polo Decreto 65/2006, de 20 de abril), non fai referencia expresa á facultade de suspensión do procedemento de aprobación dun Plan Xeral. O apartado 3º do artigo 6 do Decreto 519/2005, prevé como de competencia do Director Xeral de Urbanismo en materia de planificación urbanística (entroutras), a seguinte: "(...) O estudo, preparación e informe dos instrumentos de planeamento urbanístico que deban aprobar os órganos urbanísticos autonómicos (...)". O acto que se recibiu no Concello non é un acto de estudo, nin de preparación, nin de informe, trátase dun acto polo que se acorda a suspensión da tramitación dun procedemento de aprobación dun Plan Xeral ex artigo 42.5 da Lei 30/92, de 26 de novembro. Debe entenderse polo tanto, que a competencia para acordar tal suspensión é atribuída ó órgano que a teña para resolver o expediente en cuestión, neste caso, tendo en conta o disposto no artigo 85 da Lei 9/02, de 30 de decembro, tal competencia corresponde á Sra. Conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes.

2.-Argumentos polos que se considera improcedente o novo requirimento de subsanación da documentación recibido no Rexistro Xeral do Concello de Vigo o 10.08.06.- Segundo consta no expediente, ó abeiro do artigo 85.5 da LOUGA, formulouse un primeiro requirimento de subsanación da documentación. Como se menciona no novo

escrito remitido dende a CPTOPT, o Concello de Vigo completou a documentación solicitada o día 24 de xullo do presente ano. Como queda posto de manifesto nos puntos seguintes do presente informe, non se aprecian novas circunstancias ou motivos que impliquen a necesidade de formular novo requirimento de subsanación de trámites ou documentación na orde de completar o contido do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo, trátase, polo tanto dun acto procedimental non previsto na lexislación vixente en materia de tramitación de Plans Xerais de Ordenación Municipal.

3.-Sobre a necesidade de completar o expediente cun informe da Consellería de Medio Ambiente no que se pronuncie sobre a procedencia ou non de someter o documento ó procedemento de avaliación ambiental previsto na Lei 9/06, de 28 de abril.- En ningún caso pódese soste a necesidade de realizar tal trámite polos seguintes motivos:

- Procedemento de aprobación dos plans xerais de ordenación municipal previsto na Lei 9/02, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural e a Directiva 2001/42/CE.- O Parlamento galego, como non podería ser doutro xeito, era perfecto coñecedor da Directiva Europea de aí que no art. 61.1.c) da LOUGA, relativo á documentación que debe conter un PXOM, incluíu ex novo e ó fio do art. 21 da Lei 1/1995, un documento que se denominou “Estudo de Sostenibilidade Ambiental Impacto Territorial e Paisaxístico” que ten, con independencia do seu nome, un fin e un obxecto, senón idéntico, si como mínimo similar ó que se indica na Directiva respecto ó Informe Medioambiental. En efecto, o art. 61.4 da Lei 9/02 textualmente indica: “(...) Os Estudos de Sostenibilidade Ambiental impacto territorial e paisaxístico teñen por obxecto a análise dos efectos de execución e desenvolvemento <aplicación> das determinacións dos plans sobre os recursos naturais e o medio físico <medio ambiente>, a adopción de medidas correctoras para minimizar os seus impactos e a valoración da adecuación das infraestruturas e servizos necesarios para garantir os novos desenvolvementos en condicións de calidade e sostenibilidade ambiental, así como a súa coherencia cos obxectivos de protección do dominio público natural (...)”. O mesmo precepto no seu parágrafo segundo sinala: “(...) O documento elaborado deberá incluír as correspondentes fichas-resume das afeccións que puideran incidir en cadaún dos recursos naturais e bens a protexer, o catálogo das medidas correctoras, no seu caso, e a xustificación da implantación das novas infraestruturas e servizos urbanos (...)”. En cumprimento das previsións legais transcritas o Concello de Vigo na documentación elaborada para a aprobación do PXOM incluíu un amplísimo documento, denominado Estudio de Sostenibilidade Ambiental, Impacto Territorial e Paisaxístico.

Para maior concreción e perfección do disposto na LOUGA o lexislador galego aprobou a Lei 15/2004, de 29 de decembro. A exposición de motivos desta Lei é clara e rotunda na problemática que nos ocupa ó indicar que un dos obxectivos básicos das modificacións que introduce é “(...)someter a informe da Administración Ambiental os plans xerais e os plans de desenvolvemento de solo urbanizable atendendo á Directiva Europea 2001/42/CE (...)”.

Segundo o Dicionario da Real Academia Galega o verbo “atender”, na súa segunda acepción, significa “satisfacer unha demanda ou petición”, en definitiva, cumprir, polo que ó dictar a Lei 15/2004 o lexislador o que tivo en mente foi a transposición da Directiva Europea e elo pola sinxela razón de que estaba obrigado en función do sinalado no art. 13.1 de dita norma que di: “(...) Los Estados miembros pondrán en vigor las disposiciones legales, reglamentarias y administrativas necesarias para dar cumplimiento a lo establecido en la presente Directiva antes del 21 de julio de 2004 (...)”.

A referencia ós “Estados membros” no Estado Español é, no caso que nos ocupa, trasladable ás “Comunidades Autónomas” en función da orde interna de distribución de competencias en materia urbanística (art. 148.1.3º C.E.) e medioambiental (art. 149.1.23 CE), neste sentido introduciuse na LOUGA un segundo parágrafo no art. 85:3 que di: “(...) Asemade, deberá solicitar da consellería competente en materia de medio ambiente o preceptivo informe ambiental, que será emitido no prazo dun mes. Transcorrido este prazo sen que se comunique o informe solicitado, poderá continuarse o procedemento de aprobación do plan (...)”. En definitiva, se prexuízo de que a transposición

fora máis ou menos acertada, a intención do lexislador galego de realizar un traballo de transposición da Directiva era clara e iso porque a propia norma comunitaria (e o propio texto da Lei estatal 9/06), remite á lexislación ou normativa de tramitación de cada plan ou programa que teña incidencia no Medio Ambiente o deber de introducir no procedemento da súa aprobación un proceso de avaliación ambiental.

Coa previsión transcrita o lexislador galego desenvolveu o art. 6.3 da Directiva e designou as autoridades que deben ser consultadas e que, polas súas responsabilidades especiais en materia de medio ambiente, teñen probabilidades de verse afectadas polas repercusións medioambientais da execución de plans e programas. En realidade, o que supuxo a modificación da Lei 9/02 realizada pola Lei 15/04, foi a anticipación dos efectos da aplicación da Directiva comunitaria. Se ben a avaliación estratéxica estaba prevista para aqueles plans e programas en tramitación no artigo 13 da Directiva comunitaria, a Lei 15/04 aplicou directamente a norma comunitaria a todos os plans e programas en tramitación, coa única excepción da previsión da disposición transitoria terceira da Lei 9/02 que resultaba inaplicable despois de xuño de 2003. Polo tanto, o Concello deu escrupuloso cumprimento ó procedemento previsto para a tramitación dun Plan Xeral de Ordenación Municipal, mesmo coa petición do informe ambiental ó que se alude no artigo 85.3 da Lei 9/02. Na emisión deste, a Consellería de Medio Ambiente debeu ter en conta o disposto na Directiva 2001/42, dado que o lexislador galego transpuxo a mesma ó ordenamento interno anticipando os efectos previstos nela.

O Concello de Vigo remitiu o Estudo de Sostenibilidade e o resto da documentación do novo PXOM á Consellería de Medio Ambiente en data de 5 de marzo de 2005. Mediante escrito de data 28 de marzo, recibido neste Concello o día 5 de abril, (páx. 702 do expediente administrativo) a Dirección Xeral de Conservación da Natureza da Consellería de Medio Ambiente comunica o seguinte: “(...) Recibido o PXOM do Concello de Vigo xunto remítolle o correspondente informe sectorial conforme ó establecido no artigo 85.3 a Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia no que, agás unha consideración relativa á denominación das categorías de solo, esta Dirección Xeral non ten ningunha obxección que facer ó PXOM (...)”

En definitiva, tendo en conta que no expediente consta informe da Consellería de Medio Ambiente e, que o mesmo, tivo que ser emitido de acordo co ordenamento xurídico vixente nese momento (dentro do cal estaba a propia Directiva), non se entende o requirimento efectuado pola CPTOPT para que o Concello remita novamente o expediente ó órgano autonómico con responsabilidades no Medio Ambiente.

- Semellanzas entre o procedemento previsto para a realización da avaliación estratéxica na Lei 9/06, de 28 de abril e o realizado na tramitación do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo.- A información pública do Estudo de Sostenibilidade Ambiental, Impacto Territorial e Paisaxístico non se limitou ás autoridades medioambientais senón, en concordancia co sinalado no art. 6.4 da Directiva, tal participación pública acadou ó público interesado e elo porque tal documento foi incorporado ó PXOM aprobado inicialmente polo Concello Pleno en sesión de 30 de decembro de 2004 sendo obxecto de información pública durante un prazo de dous meses. O mesmo é superior ós 45 días que sinala a Lei 9/2006 e se materializou mediante a publicación de anuncios no DOG e en dous xornais de maior circulación na provincia, todo elo co fin de que os interesados alegaran aquilo que estimaron conveniente en orde a calquera determinación do PXOM, e entre elas, as que se contiñan no Estudo de Sostenibilidade Ambiental.

Rematado o prazo de información pública, recabado o informe da Administración Ambiental, outorgada inclusive audiencia ós municipios limítrofes e informadas, é dicir, analizadas e avaliadas as alegacións realizadas en tódalas ordes, -tamén as que se presentaron en materia medioambiental- o PXOM, e polo tanto o Estudo de Sostenibilidade Ambiental acadou a súa aprobación provisional o 19 de maio de 2006, fase na que o Estudo inicial foi obxecto de rectificación naqueles aspectos que incidiran as alegacións estimadas presentadas polos particulares, persoas xurídicas, asociacións etc... Consecuentemente a Administración Municipal cumpriu o procedemento legalmente establecido na Lei 9/02 para a tramitación dun Plan Xeral de Ordenación Municipal. Dado o contido do preámbulo

da Lei 15/04, no que se pretende a anticipación da aplicación da normativa comunitaria sobre avaliación ambiental estratéxica e, tendo en conta o informe da Consellería de Medio Ambiente, que non apreciou ningunha obxección ó documento proposto para a súa aprobación, non resulta razoable que se produza ningún atraso algún na tramitación do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo. En definitiva, as actuacións realizadas por esta Administración Local respectaron integramente e foron coincidentes coas contempladas na LOUGA, é dicir, coa normativa que se atopaba vixente durante a tramitación do expediente do PXOM en fase municipal razón pola cal dende o principio de economía procedimental máis obvio, dende a eficacia ou dende a celeridade administrativa (art. 103.1.C.E.) non procede que a Administración Autonómica reclame desta Administración Municipal a repetición dun proceso que xa realizou, neste senso, seguindo a xurisprudencia do TS manifestada, entroutras, nas Sentenzas de 28 de novembro de 1988 (RJ 1988/9220, relator: Delgado Barrio) e 22 de xaneiro de 1992 (RJ 1992/631, relator: Rodríguez-Zapata Pérez), tamén se pode sinalar que, de conformidade coa Disposición Transitoria Segunda da LXPAC “Los expedientes ya iniciados antes de la vigencia de esta Ley se tramitarán y resolverán con arreglo a las disposiciones hasta ahora en vigor”. Do indiscutible valor xeral e da forza expansiva da LXPAC en materia procedimental derivase un principio fundamental en dereito transitorio: o de que o procedemento iniciado baixo unha determinada normativa tramitarse e resolverse segundo o disposto nela. O feito de que o novo réxime legal facilite, como máis tarde veremos, esta posibilidade reforza este principio de unidade no procedemento que ten o seu fundamento na primacía da certeza e a seguridade xurídica (art. 9.3 C.E.)

- Sobre a axeitada transposición da Directiva comunitaria 2004/42/CE no que afecta á disposición transitoria primeira da Lei 9/06 sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente.- A relación existente entre a Directiva e a norma interna que pretende a súa transposición é evidente. Esta relación ou vinculación non se esgota no momento da transposición da Directiva comunitaria, senón que incluso a norma interna debe interpretarse de acordo cos principios inspiradores da normativa comunitaria que ten o seu fundamento. Non se trata de facer unha interpretación contra legem, máis o contrario, trátase de introducir na controversia a dúbida de que a interpretación que está a facerse da norma interna non é a correcta. A facultade de interpretación da norma interna conforme as directivas comunitarias, é recoñecida polo propio Tribunal Superior de Xustiza das Comunidades Europeas (STXCEE “Asunto Von Colson”, “Asunto Kolpinguis”, “Asunto Marleasing” etc.), con independencia de si existira ou non unha deficiencia na súa incorporación por parte do Estado membro. No presente caso preténdese facer unha interpretación literal da norma non axustada o espírito da Directiva que fundamenta a aprobación da Lei 9/06. En efecto, a Directiva comunitaria 2001/42/CE, no seu artigo 13, apartado 3º, establece a obriga de aplicación directa da normativa comunitaria naquel caso que o Estado en cuestión non a traspoña no prazo establecido como máximo no punto 1º. En aplicación dos principios de proporcionalidade, seguridade xurídica e confianza lexítima, non se pretende a aplicación inmediata da nova regulación a aqueles plans ou proxectos que estean en tramitación. Trátase de permitir que os plans e proxectos en curso poidan ter un horizonte temporal razoable para a súa aprobación e posta en valor. A normativa estatal, copia literalmente o previsto no artigo 13 da Directiva aludida e, como resultado, provoca certos problemas de aplicación polos seguintes motivos:

- En primeiro lugar, polo feito de non permitir ós promotores do plan ou proxecto unha marxe razoable de reacción que lles permita aprobar o plan sen ter que alterar o contido do mesmo e sen dilatar no tempo o curso normal do procedemento. En ningún caso se poderá traspoñer literalmente unha disposición transitoria dunha directiva que contén un mandato directo ó Estado (e Comunidade Autónoma, á vista da distribución constitucional de competencias) e, trasladar a responsabilidade da tardía e indebida transposición ós promotores de plans e proxectos. A propia norma comunitaria, establece a posibilidade de moderar a aplicación inmediata da Directiva, permitindo ós Estados membros decidir caso por caso cando polo estado de tramitación dun plan ou proxecto, se debe estimar que é inviable a avaliación ambiental. Na Directiva e na propia norma interna, faise referencia á necesidade e oportunidade de aplicar o trámite de

avaliación ambiental, naquel caso que a tramitación do plan ou proxecto estea moi avanzada. Como é sabido por todos o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo, atópase aprobado provisionalmente e pendente do pronunciamento do órgano autonómico.

- Por outra parte, realízase unha rigorosa interpretación da norma cando establece como data máxima de aprobación á definitiva ou a de remisión do plan ou proxecto ás Cortes Xerais ou Asembleas Lexislativas das Comunidades Autónomas. Trátase dunha transposición impropia e desacertada. En primeiro lugar, dentro do eido comunitario non existe unha atención especial ó rango formal das normas. Cando a Directiva no seu artigo 13 menciona "(...) presentación ó procedemento lexislativo se produza transcorridos máis de 24 meses dende a data (...)", en ningún caso se está a referir a un procedemento lexislativo tal e como o entendemos no noso Ordenamento Xurídico. Como é coñecido, a Unión Europea prescinde de outorgar rango ás normas e a elaboración das mesmas é realizada tralo oportuno procedemento de participación de diversas institucións comunitarias. En ningún caso, a norma comunitaria impón un determinado rango formal á hora de traspoñer unha Directiva ou de aplicar os dictados dun regulamento comunitario. Será a propia regulación interna a que establecerá o procedemento de elaboración, a denominación ou rango da norma de aplicación do Dereito comunitario. No presente caso, non podería ser menos. En efecto, a Directiva cando menciona "procedemento lexislativo" non intenta "blindar" o rango daqueles proxectos ou plans que se encontren en tramitación. En boa lóxica, o alcance xeral dun Plan Xeral, pola súa natureza de disposición administrativa de carácter xeral, podería ser suficiente como para entender que se dá un suposto de excepción na aplicación directa da Lei 9/06 e da propia Directiva. Dentro da natureza propia dunha Directiva, se diferencian resultado, forma e medios. Seguindo a Blechmann a Directiva comunitaria como norma de dereito derivado, centra o seu obxecto no resultado e prescinde ou relega a un papel secundario a forma e os medios. Se constata na rigorosa e literal interpretación que a Administración Autonómica pretende facer da norma estatal, unha falla de observancia ó principio de proporcionalidade. En concreto, non se alcanza a comprender porque se está a exceptuar da aplicación inmediata da Lei 9/06 os plans e proxectos que precisen de aprobación ou remisión á Administración da Comunidade Autónoma. En efecto, trátanse duns plans e proxectos de maior ámbito, obxecto e intervención con posibilidade de implicar importantes efectos significativos no medio ambiente. En conclusión, unha interpretación razoable da norma, conleva a conclusión de que o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo, polo seu avanzadísimo estado de tramitación, non debe estar sometido ó trámite de avaliación ambiental previsto na Lei 9/06 e na propia Directiva 2001/42/CE.

- En relación a concreción da transposición da Directiva comunitaria 2001/42/CE realizada pola Lei 9/06.- Dentro do marco constitucional de distribución de competencias (149.1.23 da CE), o Estado aproba a Lei 9/06, de 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente. Con carácter recorrente, se remite a norma estatal á lexislación ou normativa de desenvolvemento que aproben as correspondentes Comunidades Autónomas. Ata que exista tal acto normativo autonómico, podemos encontrarnos, por exemplo, con imprecisións e imprevisións tales como: o procedemento administrativo polo cal se deberá elaborar ou aprobar para a avaliación estratéxica (artigo 7.1), órgano competente para entender cal é a Administración competente para realizar as actuacións previstas na Lei cando se trate de plans ou programas cuxa elaboración corresponda a unha Entidade Local (artigo 5.2), órganos competentes para a redacción da memoria ambiental (artigo 12), determinación do órgano ambiental competente para a realización do seguimento do cumprimento do plan ou programa (artigo 25) etc... En definitiva, se constata a inviabilidade de aplicación da norma estatal ata que non se produza a efectiva transposición da Directiva comunitaria ó ordenamento interno. No presente caso, dentro do eido urbanístico, a competencia para a aprobación de normas que regulen o procedemento de aprobación dun Plan Xeral de Ordenación Municipal, é atribuída constitucionalmente (artigo 148.1.3 CE e



artigo 27.3 do Estatuto de Autonomía de Galicia) á Comunidade Autónoma de Galicia. As Directivas comunitarias despregan efectos xurídicos cando se integran no ordenamento interno. No presente caso, non existe unha completa e acabada transposición do contido da Directiva polo que se fai inviable a súa aplicación. O Tribunal Superior de Xustiza, ante o reiterado incumprimento do prazo de transposición das directivas comunitarias ó ordenamento interno dos Estados membros, entendeu que a Directiva comunitaria ten efecto directo naqueles casos que se estableza un mandato claro, preciso e incondicionado (Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza das Comunidades Europeas de 5 de febreiro de 1963, asunto Van Gend en Loos). Na exposición de motivos da Lei 9/06, de 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente, se menciona que as Comunidades Autónomas son as responsables como titulares de competencias como a ordenación do territorio e urbanismo, do axeitado cumprimento da citada Directiva e da súa norma de transposición. En ningún caso, poderá a Administración Autónoma beneficiarse do incumprimento do deber de transposición dunha Directiva e polo tanto do aludido efecto directo, pois o Concello de Vigo non é responsable da falla de dilixencia do ente autonómico (SSTJCE 152/84 e 91/92 <asunto Facini>). Por outra parte, no presente caso, a Directiva 2001/42/CE non é unha modalidade das denominadas directivas comunitarias detalladas que permitan nalgún do seu contido a aplicación directa. En conclusión, o requirimento realizado dende a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, ten un contido imposible dada a inviabilidade de cumprimento do mesmo resultando de obrigada aplicación o sinalado “in fine” no parágrafo 2 da Disposición transitoria primeira da Lei 9/2006, de 28 de abril.

- Responsabilidade do Estado e da Comunidade Autónoma á hora de traspoñer en prazo e debidamente a Directiva 2001/42/CE.- A Doutrina do Tribunal Superior de Xustiza das Comunidades Europeas ten consolidado un principio de responsabilidade dos Estados membros pola no incorporación ou incorporación incorrecta de directivas comunitarias (STXCEE de 19 de novembro de 1951, asunto Frankovich). Os custes derivados da retroacción do procedemento e da oportunidade de ter aprobado un Plan Xeral con anterioridade, son incalculables non só para o Concello senón para os propios cidadáns de Vigo. Por elo, non se pode descoñecer que o feito de que non se cumpriran os trámites previstos na Lei 9/06, de 28 de abril, son unicamente imputables á Administración Autónoma dada a demora na correcta transposición da Directiva. Para a reparación do dano que se puidera causar polo atraso que suporía retrotraer o procedemento, o Concello debería esixir a tramitación do correspondente procedemento de reclamación de responsabilidade patrimonial.

- Sobre a suspensión do prazo a resolver no suposto de que deban emitirse informes preceptivos e determinantes.- A resolución recibida neste Concello invoca o art. 42.5 da LRPAC como fundamento xurídico suficiente para interromper o prazo que, para resolver sobre o PXOM, outorga o 85.8 da LOUGA a Administración Autónoma. A resolución, ademais de non precisar se é ou non definitiva en vía administrativa, ademais de non expresar os recursos que contra a mesma proceden, ademais de non indicar o órgano administrativo ou xudicial perante o que se poden presentar e non sinalar o prazo para interpoñelo non concreta en cal ou en cales dos cinco supostos previstos no epígrafe 5 se apoia colocando ó Concello de Vigo nunha manifesta indefensión polo que neste xeito conculca o sinalado no art. 54.1.d) da mesma LRPAC.

A resolución, o acto administrativo, dunha banda sinala, “De conformidade co establecido na Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2006...O Concello deberá remitir o documento do Plan Xeral á Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, os efectos de que esta resolva sobre a procedencia, ou non, de someter o documento ó procedemento de avaliación ambiental ó que se refire o art. 7 da Lei [Lei 9/2006]. Por outra banda indica: “...interrompese o prazo establecido no artigo 85 da Lei 9/2002... en tanto que por ese Concello non se dea cumprimento ó sinalado na Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2006, de 28 de abril...”.

Malia a importancia e transcendencia da decisión adoptada pola Consellería a redacción da resolución é confusa, non obstante do seu sentido literal dedúcese que o prazo para resolver queda “interrompido” –suspendido- durante

*o prazo que medie entre a data de recepción da resolución e a data na que o Concello cumprimente o ordenado nela, é dicir, a mera remisión do documento do Plan Xeral á Consellería de Medio Ambiente pois non cabe interpretar o segundo parágrafo transcrito como unha obriga dirixida ó Concello de Vigo ó obxecto de que instrúa un proceso de avaliación ambiental estratéxica previsto na Lei 9/2006 dado que elo sería anticiparse ó que nela mesma se indica, é dicir, á decisión da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible sobre a procedencia, ou non, de someter o documento ó procedemento de avaliación ambiental.*

*Sen prexuízo de reiterar a confusión na que incorre a resolución cómpre manifestar que de conformidade co art. 9.1 da C.E. os poderes públicos, e entre eles, a Consellería de Política Territorial Obras Públicas e Transportes, están suxeitos á Constitución e ó resto do ordenamento xurídico.*

*O ordenamento xurídico aplicable á fase procedimental na que se atopa o novo PXOM non é outro que o previsto na LOUGA. Esta norma no seu art. 85.8 sinala: “O Plan Xeral entenderase definitivamente aprobado se transcorren tres meses dende a entrada do expediente completo no rexistro do órgano competente sen que este houbera comunicado resolución sempre que o plan conteña os documentos e determinacións preceptivos”.*

*De conformidade co sinalado no segundo parágrafo do art. 85.5 da LOUGA o expediente considérase completo unha vez que a Administración Municipal cumprimente o requirimento de subsanación que se lle poida haber efectuado ó obxecto de que complete trámites procedimentais ou deficiencias na documentación. O requirimento tivo lugar mediante escrito da Consellería de data 21.06.06 (páx. 2703-2707 do expediente administrativo) e cumpriuse por este Concello en data de 24.06.06 de xullo de 2006 (páx. 2856-2860 do expediente administrativo) elo significa que na data na que a Administración Autonómica efectuou o requirimento atopábase vixente a Lei 9/2006 sen que respecto dela se formulara observación ou advertencia ningunha de que fora necesario remitir o PXOM á Consellería de Medio Ambiente.*

*A remisión do novo PXOM de Vigo á Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible é un trámite alleo ó Concello e de considerarse necesario debe ser realizado pola CPTOPT, tal remisión, de producirse, non pode suspender o prazo que, para resolver, ven sinalado no art. 85.8 da LOUGA.*

*Como xa se ten dito, en cumprimento do previsto no art. 85.3 da norma citada a Administración Municipal remitiu no seu día, 5 de marzo de 2006, o Plan á Consellería de Medio Ambiente que procedeu á emisión do preceptivo informe ambiental que consta no expediente.*

*Que como consecuencia da entrada en vigor da Lei 9/2006 se inste ó Concello a realizar de novo dito trámite carece de xustificación e conculca os principios máis elementais polos que se rexe o procedemento administrativo entre eles o de legalidade (ar. 53.1 LRXPAC). Se o órgano competente para resolver ten dúbidas sobre a procedencia, ou non, do sinalado na Disposición Transitoria Primeira de Lei 9/2006 na interpretación e na aplicación que presuntamente fai da mesma, o que debe facer é solicitar os informes xurídicos que sobre ese aspecto considere oportunos ó obxecto de ilustrar a súa vontade decisoria, agora ben, o que non pode facer é trasladar ó Concello de Vigo as súas dúbidas e entender que para a resolución das mesmas a Administración Municipal debe realizar trámites que non constan en ningunha disposición legal, que non se mencionan no procedemento establecido. É máis, a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes dispón de tres copias completas do novo PXOM debidamente dilixenciadas e autenticadas polo que actuando a Administración Autonómica con personalidade xurídica única carece de sentido que a comunicación e información recíproca que en todo caso debe existir entre as distintas Consellerías tan só poida ser materializada non directamente, senón a través de reproducións e traslados procedentes da Administración Municipal, elo conculca frontalmente o sinalado no art. 35.f da LRXPAC. O principio de colaboración entre as distintas Administracións non pode xogar ou esixirse unicamente en proveito da*

*Administración Autonómica máxime cando esta dispón de medios e instrumentos suficientes para acadar o fin perseguido.*

*Sen prexuízo do exposto débese sinalar que de conformidade co indicado no art. 42.5.c) da LRXPAC o prazo máximo para resolver un procedemento e dictar resolución pode suspenderse no suposto que se deban solicitar informes que sexan preceptivos e determinantes. A Administración Autonómica non cita na súa resolución (art. 82.1 LRXPAC) cal é a disposición legal que advirte que na fase procedimental na que se atopa o PXOM de Vigo deba emitir informe a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible polo que, aínda entendendo que o informe da devandita Consellería sobre a procedencia ou non de someter o Plan ó procedemento de avaliación ambiental ó que se refire o art. 7 da Lei 9/2006 é un informe que pode subministrar elementos clave para conformar a vontade da CPTOPT, é dicir, aínda coidando que tal informe pode ser determinante na resolución, do que en ningún caso goza é da cualidade de “preceptivo” que acumulativamente esixe o artigo citado de onde se deduce que é un informe facultativo cuxa solicitude voluntaria por parte do órgano resolutor en ningún caso suspende o prazo máximo legal que establece a lexislación urbanística para resolver o procedemento de aprobación do PXOM de Vigo.*

*4.-Sobre a improcedencia de completar o expediente co informe favorable en materia sectorial de costas emitido pola propia Consellería de Política Territorial, Obras públicas e Transportes.- No escrito-acordo polo que se aprecia a necesidade de suspender o prazo de resolución do expediente do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo, enténdese que se precisa a obtención do correspondente “informe favorable” da Administración Autonómica en materia de costas. No requirimento de documentación recibido o 23.06.06 alúdese expresamente á natureza vinculante e preceptiva dos informes da Administración do Estado e da Autonómica en materia de costas. Nese momento non se recibira no Concello o informe da Administración Autonómica, que tivo un carácter desfavorable (data de recepción, 30.06.06). Segundo o informe contido no expediente emitido polo Xerente municipal de urbanismo o 21.08.06, se dubida que o sentido sexa realmente desfavorable por canto se estima que unha parte sustancial das observacións realizadas non se axusta ó previsto no artigo 24.2.b do Decreto 158/2005, de 2 de xuño, polo que se regulan as competencias autonómicas na zona de servidume. Por outra parte, no informe aludido con anterioridade se cuestiona cada punto que motiva o sentido desfavorable do informe sectorial en materia de costas.*

*O 24.07.06 se deu cumprimento ó requirimento efectuado o 26.06.06 e, entre a documentación remitida, consta unha separata que trata a proposta de redución da franxa de protección do solo rústico de protección de costas de 200 a 100 metros ex 32.2.e da Lei 9/02. Polo tanto, enténdese que non procede a adopción do acordo de suspensión neste punto, polo feito de que é a propia Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes é a encargada neste momento de valorar a documentación remitida en relación coa normativa sectorial de costas de competencia autonómica. O Concello ó abeiro do disposto no artigo 117 da Lei 22/88, de 28 de xullo, podería entender por iniciado o período de consultas previsto no devandito artigo, co gallo de “acadar un acordo”, non obstante, segundo se fixo referencia con anterioridade unicamente sería necesaria a apertura de tal procedemento naquel caso que existan discrepancias en aspectos da competencia autonómica. En conclusión, correspóndelle neste momento a Consellería competente para a emisión do informe preceptivo en materia de costas (que coincide coa que formula o acordo de suspensión da tramitación), a emisión de informe ou contestación á documentación remitida polo Concello o 24.07.06. Polo tanto, enténdese que non é axustado a Dereito a adopción dun acordo de suspensión pola falla dun “informe favorable” e, que á vez, sexa o órgano competente para completar o expediente. Neste momento, o Concello non pode dar cumprimento a este novo requirimento de subsanación de documentación dado que é a propia CPTOPT a encargada de contestar á proposta realizada dende o Concello.*

*Tamén é preciso indicar que o contido do informe de costas recibido en data 30.06.06 se separa absolutamente e sen xustificación ningunha do seu precedente, é dicir, do emitido no mesmo senso na fase previa á aprobación inicial do*

PXOM pola Xefatura do Servizo de Usos do Litoral, tal ausencia de motivación contravén o disposto no art. 54.1.c) da LRXPAC.

Dende outro punto de vista tamén se pode sinalar que a lexislación sectorial aplicable (art. 117.2, Lei 22/1988, de 28 de xullo, de Costas) advirte que o órgano competente en materia de costas emitirá informe con referencia ós Plans Xerais de Ordenación Municipal, rematada a súa tramitación e inmediatamente antes da súa aprobación definitiva, é dicir, logo da aprobación provisional. O informe mencionado tivo entrada neste Concello o día 30 de xuño de 2006 e conclúe informando “desfavorablemente” o PXOM de Vigo. O precepto mencionado advirte: “No caso de que o informe non sexa favorable en aspectos da súa competencia abrirase un período de consultas”.

Como xa se indicou a fase de tramitación municipal rematou co acordo de aprobación provisional, a partir dela o expediente e o documento redactado elévase e sométese á CPTOPT, órgano competente para impulsalo e outorgar a aprobación definitiva, dende ese momento a instrucción do expediente, no seu procedemento bifásico, corresponde á Administración Autonómica, é polo tanto obriga desa Consellería e non do Concello de Vigo, instrumentar, abrir, convocar as “consultas” que se mencionan no art. 117.2 da Lei 22/1988, non co fin de obter o “preceptivo informe favorable”, que é o que manifesta o Director Xeral, senón co obxectivo, substancialmente diferente, de “chegar a un acordo” que é o que di a lexislación sectorial aplicable, para elo a Administración actuante deberá fixar prazos e datas concretas. Tal trámite debería terse efectuado na fase de requirimento de subsanación de deficiencias previsto no segundo parágrafo do art. 85.5 da LOUGA no cal esa Consellería non fixo mención, nin observación ningunha.

Trasladar ó Concello de Vigo, unha vez iniciado o prazo para resolver, unha vez considerado o expediente completo, en definitiva, fóra do momento procedimental oportuno, o cumprimento dun trámite incumprido, alomenos na súa instrumentación, pola Administración Autonómica supón a perversión do sistema a través da inversión do procedemento legalmente establecido, non podendo resultar prexudicada esta Administración Municipal da inobservancia dunha obriga que non lle corresponde. Non obstante o exposto, o Concello de Vigo debería reiterar a súa completa disposición e colaboración para, dende un diálogo técnico-xurídico, avaliar e considerar o informe desfavorable emitido co fin de acadar, nas consultas que se convoquen, e dentro do respecto da legalidade e da observancia do interese público o desexable “acordo” nunha materia transcendental onde a sensibilidade de ambas Administracións Públicas e os intereses locais e supralocais deben ser forzosamente concorrentes.

5.- Sobre a suspensión do procedemento de tramitación do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo ata que se produza o pronunciamento por parte da Comisión Superior de Urbanismo con respecto á redución prevista no artigo 32.2.e) da Lei 9/02.- A Comisión Superior de Urbanismo está prevista no artigo 225.1.d da LOUGA e no Decreto 119/1998, de 16 de abril. En virtude do Decreto 519/2005, de 6 de outubro, este órgano colexiado está adscrito á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda. O artigo 4º do Decreto 119/1998, sinala como Vicepresidente do órgano colexiado o Director Xeral de Urbanismo, ó que lle encomenda a función permanente de preparar os asuntos da orde do día. Cabe reiterar o contido do indicado do punto 4º deste informe. No presente caso coincide a persoa que suspende a tramitación de aprobación do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo e a persoa encargada de preparar os asuntos da orde do día da Comisión Superior de Urbanismo no que se debe decidir sobre a proposta de redución da franxa do solo rústico de protección de costas. Ó igual que no punto anterior, non é posible dar cumprimento dende o Concello o requirimento efectuado e, tendo en conta, que a propia Comisión Superior de Urbanismo, está adscrita a CPTOPT, non procede a suspensión do procedemento de aprobación do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo.

CONCLUSIÓN:

En base ós fundamentos contidos no presente informe se deberá abordar a oportunidade de formular o requirimento previo á xurisdicción contencioso-administrativa previsto no artigo 44 da LRXC-A. O prazo para a súa interposición é de dous meses contados dende a data na que se recibiu a resolución do Director Xeral. Dende o punto de vista legal, é posible e viable xuridicamente formular tal acción legal fronte ó acordo de suspensión da tramitación do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo. Non obstante, dado que estamos ante unha continuada sucesión de actos que derivan dunha especial clase de relacións xurídicas como as interadministrativas, se informa sobre a necesidade de esgotar todas as vías de colaboración e cooperación coa Administración Autonómica, na orde de evitar conflitos ou controversias que poidan demorar a tramitación do PXOM vigués, todo elo de acordo cos principios proclamados no artigo 4 da LRXPAC e o artigo 55 da LBRL.

#### B) OBSERVACIÓNS Ó INFORME SECTORIAL EN MATERIA DE COSTAS PREVIO Á APROBACIÓN DEFINITIVA DO 28 DE XUÑO DE 2006 EMITIDO POLO DIRECTOR XERAL DE URBANISMO DE GALICIA EN RELACIÓN CO PXOM DE VIGO

1. Como cuestión previa de carácter xeral parece oportuno advertir que, en opinión do equipo redactor do PXOM, o informe en materia de costas do Director Xeral de Urbanismo inmíscúese en aspectos que non poden ser obxecto de análise neste tipo de informes sectoriais.

Así, o artigo 24.2.b) do Decreto 158/2005, do 2 de xuño, polo que se regulan as competencias autonómicas na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre sinala que “correspondelle á dirección xeral competente en materia de costas [no noso caso a Dirección Xeral de Urbanismo] a emisión de informes ós plans e normas de ordenación territorial e urbanística, así como as súas modificacións e revisións, cando incidan sobre a servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre”, como sen dúbida ocorre co PXOM de Vigo. Agora ben, o mesmo Decreto 158/2005 precisa o alcance destes informes cando no seu artigo 23 preceptúa que “analizarán os actos, proxectos ou propostas que constitúen o seu obxecto dende o punto de vista da súa adecuación á lexislación estatal en materia de costas, no que se refire ó tratamento que dispoñan para o dominio público marítimo-terrestre e as súas zonas de servidume”.

Da lectura dos anteriores preceptos dedúcese que o Informe en materia de costas que nos ocupa tan só pode versar, como ben se afirmaba no informe da Xefa do Servizo de Usos do Litoral do 7 de outubro de 2004 emitido con carácter previo á aprobación do PXOM, “acerca da adecuación á lexislación estatal en materia de Costas do tratamento que aqueles dispoñan para o dominio público marítimo terrestre e a zona de servidume de protección”. E o certo é que este segundo informe de Costas extralimítase, ó conter consideracións sobre zonas exteriores a esta servidume de protección.

Calquera dúbida que puidera xurdir ó respecto serán solventadas –confirmando a nosa tese- pola Instrucción do 28 de abril de 2003 da Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura que preceptúa o seguinte:

“En consecuencia, os informes que deba emitir o Servizo de Usos do Litoral sobre os instrumentos de planeamento territorial e urbanístico versarán, exclusivamente, acerca da adecuación á lexislación estatal en materia de costas do tratamento que aqueles dispoñan para o dominio público marítimo terrestre e a zona de servidume de protección; no tocante á aplicación das medidas de protección costeira establecidas pola devandita Lei 9/2002, así como na zona de influencia regulada no artigo 30 da Lei de costas, farase referencia expresa no informe que sobre a dita materia corresponda emitir á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda”.

*Proxectado todo o anterior ó caso que nos ocupa, é obvio que toda consideración que conteña o Informe de Costas sobre a franxa de terreo que vai da liña de servidume de protección ata a liña de 200 metros á que se refire o artigo 32 da LOUGA resulta unha extralimitación dos contidos e funcións deste informe normativamente delimitadas. E iso é así, por máis que a LOUGA estableza a obriga (con excepcións) de clasificar como solo rústico de protección de costas unha franxa de terreo de 200 metros (superior, polo tanto, á servidume de protección da lexislación estatal), e por máis que coincidan na persona e dirección xeral informante as competencias en materias urbanísticas e costeiras. O informe sectorial de Costas, previsto no artigo 117.2 da Lei 22/1988 con carácter preceptivo e vinculante versará exclusiva e estrictamente sobre protección do litoral nos termos da lexislación estatal, e toda consideración de tipo estrictamente urbanística (incluída a legalidade urbanística, clasificación do solo, etc..) terase en conta cando o PXOM se evalúe dende esta perspectiva urbanística polo órgano da Administración autonómica competente nesta materia na forma e prazos previstos na lexislación urbanística. Como informe sectorial o seu carácter vinculante necesariamente entenderase limitado ós contidos que traian causa da lexislación sectorial que o alumea.*

*E todo o dito adquire especial relevancia se se ten en conta que o informe sectorial de costas previo á aprobación definitiva do PXOM de Vigo emitido o 28 de xuño de 2006 polo Director Xeral de Urbanismo é DESFAVORABLE, cambiando o sentido do informe previo á aprobación inicial do mesmo PXOM emitido pola Xefa do Servizo de Usos do Litoral da Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura (na que entón residía a competencia ) da mesma Administración Autonómica o 7 de outubro de 2004, que entón foi FAVORABLE, sen que no PXOM se producisen outros cambios dentro da zona suxeita a informe que os tendentes a dar cumprimento ás observacións realizadas nos informes sectoriais de costas emitidos polas Administracións Autonómica e do Estado. En efecto, o cambio de sentido do informe autonómico fundaméntase, no substantivo, en motivos que traen causa da lexislación urbanística (tratamento da banda comprendida entre a servidume de protección e os douscentos metros do límite interior da ribeira do mar, criterios de clasificación do solo urbano,...) con continuas chamadas á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e modificacións da Lei 15/2004, o que, como xa se dixo e sen prexuízo do que máis adiante se dirá ó respecto de cada unha das consideracións contidas no mesmo, ó noso xuízo queda fóra do alcance do informe sectorial en materia de costas e constitúe unha clara extralimitación que non pode ser tida en conta pola Administración Urbanística en canto á vinculación do dito informe na resolución do PXOM, senon que é a esta á que, no exercizo das súas competencias e dentro do procedemento previsto na LOUGA, corresponde pronunciarse sobre o axuste do PXOM de Vigo á lexislación urbanística.*

*A maior abundamento reseñarase que con data 11 de xullo de 2006 a Xefa do Servizo de Informes de Normativa da Área de Planeamento urbanístico da Dirección Xeral de Costas do Ministerio de Medio Ambiente emitiu o informe sectorial en materia de costas previo á aprobación definitiva do PXOM de Vigo, e que o dito informe foi emitido en sentido FAVORABLE.*

*Dito o anterior, e sen prexuízo de que nas páxinas posteriores fagamos referencia a cuestións ou aspectos do plan referidos a zonas exteriores á servidume de protección, imos a analiza-las cuestións puntuais que se poñen de manifesto no Informe no que atañen máis especificamente á zona de servidume de protección.*

*2. Ningunha obxección cabe facer sobre a necesidade de grafiar no PXOM o deslinde das Illas Cíes.*

*3. En cambio, non podemos estar de acordo coas obxeccións a que o solo urbano de As Rochas sexa clasificado como tal. Primeiro, e en canto a que corresponde a unha observación formulada no informe sectorial de costas, porque neste ámbito se respeta escrupulosamente a servidume de protección da Lei de Costas e o seu deslinde, e os solos incluídos dentro da mesma clasifícanse íntegramente como solo rústico especialmente protexido de costas. Segundo, porque ó marxe de resultar improcedente esta observación no que se refire ós solos comprendidos entre a*

servidume de protección e os douscentos metros dende a ribeira do mar dentro do informe sectorial de costas polas razóns xa expostas e aínda máis improcedente a existencia da súa clasificación como solo rústico especialmente protexido de costas antes de que se pronuncie a Comisión Superior de Urbanismo sobre a redución da dita banda en determinadas situacións tal como solicitou o Concello, terase en consideración que parte destes terreos xa eran solo urbano de núcleo rural no Plan Xeral de 1993; e o resto dos terreos clasificados como solo urbano no PXOM, se ben é certo, como se di no Informe, que o Plan Xeral de 1993 clasificábaos como solo urbanizable non programado, o certo é que contan coas condicións obxectivas fixadas na Lei 9/2002 para a súa consideración como urbanos (xa entón contaban coas mesmas condicións que os delimitados no solo urbano de núcleo rural, e así aparecen reflectidos na cartografía de 1984), estando o planificador vinculado por esta realidade insoslaible – recórdase a asentadísima doutrina xurisprudencial sobre a “forza normativa do fáctico” en relación co carácter reglado do solo urbano-. En canto se refire á redución da franxa de solo rústico especialmente protexido de costas no ámbito do Sector de solo urbanizable S-51-R Cabo Estai Sur non corresponde senon á Comisión Superior de Urbanismo pronunciarse ó respecto de acordo ó establecido no artigo 32.2.e) da LOUGA á vista da xustificación aportada polo Concello de Vigo.

4. Similares consideracións ás anteriores faremos en relación co ámbito de solo urbano non consolidado A-1-05 Cabo Estai, ó que o Informe obxecta de novo a súa clasificación como tal. En efecto, volve a entrar o informe sectorial de costas en consideracións relativas o tratamento dado no PXOM á referida banda de douscentos metros fóra da servidume de protección –servidume que aquí tamén se respecta escrupulosamente- e nos criterios de clasificación do solo, materias que lle son impropias. En calquera caso conven precisar, en primeiro lugar, que parte deste ámbito xa estaba clasificado como solo urbano co Plan Xeral de 1993, coa Ordenanza de aplicación 4.6, mentras que o resto destes terreos contan –como se xustifica na documentación do PXOM- tamén coas condicións obxectivas que a LOUGA establece no artigo 11 para a súa consideración como solo urbano (con independencia das determinacións que con maior ou menor acerto fixou o PXOU-93 para os mesmos) razón pola que o PXOM debe clasificalos como tales en atención ó carácter reglado desta clase de solo.

5. En canto ó solo urbanizable delimitado S-50-R Cabo Estai Norte, tanto o PXOM como a ordenación detallada que se adxunta respetan escrupulosamente a servidume de protección, de tal maneira que tódolos solos incluídos dentro da mesma non só se protexen clasificándoos como Solo Rústico especialmente protexido de costas (coa irrelevante excepción dunha esquina ínfima dunha finca ó obxecto de regulariza-la delimitación co parcelario) senon que ademáis se incorporan ó dominio público como sistema xeral de zonas verdes e espazos libres a aposta estratéxica que fai o PXOM pola recuperación e conservación do litoral vigués.

No que se refire ás observacións relativas – unha vez máis – á franxa dos douscentos metros, daranse por reproducidos os argumentos verquidos nos puntos anteriores para evitar innecesarias reiteracións. Conven puntualizar, non obstante, que os solos ós que se refire o informe son destinados a zonas verdes o rematar o sistema viario que garantiza un adecuado acceso ó sistema xeral de zonas verdes e ó propio dominio público e á dotación de aparcamento adecuada, conforme á existencia da propia Lei de Costas.

6. Ningunha obxección ó referente á regulación polo Título III da Lei de Costas o sistema xeral de equipamientos situado no dominio público marítimo-terrestre da illa de Toralla. Nada dí o PXOM en sentido contrario.

7. Como tampouco se fai obxección algunha á necesidade de corrixi-la liña de solo urbano trala praia do Vao, ata coincidir co límite do dominio público marítimo-terrestre. Trátase sen dúbida dun erro material do PXOM de escasa entidade.

8. Nada se obxecta tampouco ó apuntado no informe respecto á clasificación como solo rústico de protección de costas dos terreos situados en Carrasqueira na ribeira oeste do río Lagares a continuación do arenal de Foz, a

*pesar de que o deslinde está a 20 metros –o que evidenciaría que tales terreos xa foron considerados no pasado como solo urbano–.*

*Ten que rechazarse, en cambio, a observación feita no informe en canto á franxa de terreos colindantes á depuradora que o PXOM clasifica como solo urbano consolidado –parte dentro do sistema xeral da depuradora e parte suxeito á ordenanza 12.4º de uso industrial– segundo a cal debería haberse clasificado como rústico protexido de costas por atoparse dentro dos douscentos metros. Unha vez mais reitéranse as argumentacións xa realizadas en canto ó carácter reglado do solo urbano, e na improcedencia das observacións no seno deste informe en canto se refire á redución da franxa de solo rústico especialmente protexido de costas fora da servidume de protección, xa que non corresponde senón á Comisión Superior de Urbanismo pronunciarse ó respecto de acordo ó establecido no art. 32.2.e) da LOUGA á vista da xustificación aportada polo Concello de Vigo.*

*9. En canto á clasificación dos terreos ocupados actualmente pola depuradora, o equipo redactor discrepa co sinalado no informe. En primeiro lugar porque estes terreos contan –como se xustifica na documentación do PXOM– tamén coas condicións obxectivas que a LOUGA establece no artg.11 para a súa consideración como solo urbano. En segundo lugar, porque parte dun patente erro a observación formulada no informe ó afirmar que o solo sobre o que se atopa a depuradora está no planeamento actual fora do solo urbano, xa que resulta sinxelo comprobar que no vixente PXOU 93 estaban xa clasificados como solo urbano, coa Ordenanza 4.6. de equipamentos coa consideración de sistema xeral, en virtude do cal foron obtidos os terreos, executadas as obras e postas en servizo as actuais instalacións.*

*10. Similar comentario ó anterior haberá de facerse en relación coas observacións verquidas no Informe referentes ós terreos de reserva para a ampliación da depuradora (solo urbano de Muíños), se ben é certo que este solo esta clasificado como Solo non Urbanizable no PXOU-93. A súa inclusión como sistema xeral nun ámbito de solo urbano facilita ademais a obtención de tales terreos, sen merma á eventual protección que poidan merecer os terreos toda vez que non se alterou a servidume de protección e ,por tanto, mantéñense as restricións ós mesmos que impón a Lei de costas.*

*11. Ten razón o Informe, en cambio, cando demanda que determinados terreos clasificados como solo rústico xunto á ponte do río Lagares pasen a te-la categoría de protección de costas, en lugar da ordinaria que teñen agora.*

*12. Haberá de aceptarse tamén o dito no Informe en relación co sector de solo urbanizable S-31-R Río no que se refire ós terreos incluídos dentro da servidume de protección, aínda que o PXOM respeta escrupulosamente a servidume de protección de costas de 100 metros.*

*Sen embargo, haberá de rechazarse unha vez mais o que se refire á pretendida redución da franxa de solo rústico de protección de costas de 200 m a 100 m, pois como vimos reiterando non é aquí donde debe tratarse esta cuestión senon por parte da Autoridade Urbanística á vista do pronunciamento da Comisión Superior de Urbanismo. Con todo, non queremos deixar pasa-la ocasión sen dicir que o PXOM plantexa esta redución para poder afrontar así a reubicación das instalacións deportivas e as dotacións actualmente ubicadas sobre o areal de Samil nunha localización axeitada e razoablemente próxima que resulte socialmente asumible, de forma que se poida aborda-la recuperación e rexeneración do areal e sistema dunar de Samil, unha das grandes apostas ambientais, por certo, do PXOM.*

*13. Especial comentario merecen as obxeccións que o Informe de costas fai ó ámbito de solo urbano non consolidado A-2-15 Samil 3. Dise no Informe que neste ámbito inclúense terreos situados na zona de servidume de protección de costas que no vixente PXOU-93 están clasificados como solo urbanizable, o que obrigaría a súa calificación como solo rústico de protección de costas. Frente a isto cabe dicir varias cousas.*



*Primeiro de todo, os terreos ós que fai referencia o Informe contan coas condicións obxectivas recollidas nos artgs. 11 e 12 da LOUGA para a súa consideración como urbanos, e así os clasifica o PXOM, vinculado, como se indicou mais arriba, pola forza normativa do fáctico en relación co carácter reglado do solo urbano.*

*No obstante o anterior, o PXOM comparte neste punto inquietudes co Informe de costas, no sentido de que é desexo do planificador a desaparición das edificacións existentes dentro da zona de servidume. E é precisamente este desexo o que motiva que tales terreos se inclúan neste A-2-15, de tal forma que cando se aprobe o planeamento de desenvolvemento que conteña a ordenación detallada deste ámbito, necesariamente haberá de respecta-la servidume de protección, de tal forma que nesta zona haberán de localizarse as Zonas Verdes do ámbito, o que permitirá, trala oportuna reparcelación, eliminar tales edificacións e a obtención gratuita dos terreos polo Concello, materializando os actuais propietarios o aproveitamento que lles corresponda noutro lugar do ámbito, fora xa da servidume de protección. A maior abundamento, a aprobación deste planeamento secundario requereirá do informe autonómico en materia de costas, o que garantirá o cumprimento do dito en liñas anteriores.*

*14. Nada que obxectar, en cambio, ás demandas do informe sobre o réxime ou categoría de solo rústico a outorgar a determinados solos do contorno do río Lagares.*

*15. Con relación a Samil, o Informe incurre nun evidente erro, pois no Plan Xeral de 1993 tales terreos están clasificados como solo urbano con Ordenanza 3.1.a). Ademais, tratándose dunha “praia urbana”, colindante a terreos eminentemente urbanos, o arenal de Samil haberá de clasificarse como tal, con independencia de que se califique como Sistema Xeral de Zonas Verdes e Espazos Libres. Haberá de observarse, ademais, que a servidume de protección está fixada en vinte metros, o que revela a súa condición de solos urbanos incluso con anterioridade á entrada en vigor de la Lei de costas. A pretensión do informe neste punto carece de fundamento.*

*16. É certo, como di o informe, que o PXOM inclúe dentro da delimitación do sector de solo urbanizable S-14-R unha pequena porción de solo (apenas supera os 2.000 m<sup>2</sup>) incluído dentro da servidume de protección de costas, que neste punto alcanza os cen metros, sen que se poida descoñecer-lo mandato do artg. 32.2.e) da LOUGA. Non obstante, entende o equipo redactor que non se trata senon dun mero axuste da delimitación do sector a límites recoñecibles e congruentes dende o punto de vista da ordenación, que en ningún modo reduce as condicións de protección da costa: en primeiro lugar porque se manteñen as afeccións derivadas da servidume de protección –que non se ve alterada-, e, en segundo lugar, porque ademais esta pequena porción de solo está desvinculada do resto do solo protexido de costa pola Avda. Atlántida. Pero haberá de engadirse que este sector de solo urbanizable se configura como unha peza clave para a recuperación e rexeneración do litoral vigués, e singularmente do arenal de Samil e a el, ademais, se adscriben como sistemas xerais o resto dos solos rústicos protexidos de costas entre a punta do Muíño e a praia de Samil o que permitirá non solo a súa protección senon a súa incorporación ó dominio público.*

*Convén apuntar, por outro lado, que moitas das parcelas incluídas dentro da servidume de protección - que nesta pequena zona entre Samil e Punta do Muíño alcanza os cen metros - atópanse xa edificadas porque o Plan Xeral de 1972 recoñecíaos como solo urbano coa ordenanza de aplicación 4ª de edificación illada ou agrupada, anque posteriormente o Plan Xeral de 1988 modificou esta clasificación pasando a consideralos solo non urbanizable.*

*17. Tanto a liña do deslinde do dominio público marítimo-terrestre como a liña da servidume de protección de costas na zona de Muíño do Vento e sobre a estrada de Punta Muíño están correctamente debuxadas tanto nos planos a escala 1:1000 como a escala 1:5000. e son a transposición das bases dixitais facilitadas pola Dirección Xeral de Costas dos deslindes oficiais. Non obstante o anterior haberá de recoñecerse unha certa dificultade de lectura nalgún punto moi concreto debido á acumulación de información, pero que non impide a correcta identificación das ditas liñas.*

18. *A liña da servidume de protección debuxada no PXOM, como xa se dixo é a facilitada pola Dirección Xeral de Costas de acordo cos deslindes aprobados e en tramitación coas correccións derivadas das alteracións aprobadas por resolución da dita Dirección Xeral. Haberá de facerse constar que no ámbito a que se refire o informe pode estar incurrindo nun erro a administración autonómica (como, de feito, ocurriulle á estatal) por ignora-la resolución da Dirección Xeral de Costas do 30 de marzo de 1998 con ocasión do informe do PERI UA-6 Sensat do vixente PXOM-93 reducindo o ancho da servidume de protección neste ámbito.*

19. *O Informe de costas denuncia tamén que as determinacións previstas para uns terreos tralos arenais de Santa Baia e de Carril, na parroquia de Alcabre, que están recollidos no PXOM en tramitación como solo urbano consolidado, incumpren o disposto no artg. 25 da Lei de costas; pero o certo é que o PXOM neste punto límitase a recolle-las previsións de sendos planeamentos de desenvolvemento que foron informados favorablemente por Costas, de tal forma que as zonas verdes agora previstas son as mesmas e coa mesma ubicación que as previstas nes planeamentos secundarios. A maior abundamento, Costas autorizou tamén a redución da servidume de protección nuns metros, o que evidencia mais aínda o erro no que se incurre no Informe. E ademais, no PXOM de 1993 estes terreos xa estaban clasificados como solo urbano.*

20. *Polo demais, xa dixemos en parágrafos anteriores que non hai obrigaón de clasificar como solo rústico de protección de costas aqueles arenais ou praias de carácter urbano, polo que carece non só de sentido senon de calquera fundamento, ó noso xuízo, que o Informe de costas o planteo así en relación coa zona que vai de Punta Muiño ata o Areal do Agro.*

21. *Nada que obxectar no referente á acotación dos tramos de fachada marítima nos que se pretenda efectua-la súa homoxeneización. E tamén estase de acordo en interpretar como indicativas as aliñacións e ordenanzas que se prevén en solos urbanos que inciden na servidume.*

22. *Tamén comparte o equipo redactor a necesidade de delimitar claramente o ámbito do sistema xeral portuario, e de que o seu réxime de usos, lóxicamente, se axuste ó disposto na Lei de portos e demais lexislación de aplicación.*

23. *Dícese no Informe de costas que no solo urbano de Corbal, xunto ó Monte da Guía, a servidume de protección aparece mal grafiada, pero o certo é que o PXOM recolle a liña de servidume de protección que lle foi facilitada ó equipo redactor pola propia Dirección Xeral de Costas.*

24. *Respecto ó A-5-06 Gondesende afírmase no Informe que na zona de servidume de protección de costas non poderán ubicarse usos residenciais, algo que comparte o equipo redactor. Pero isto non significa, como se dí no Informe, que as Ordenanzas sexan incompatibles con esta circunstancia. O que ocorre é que o planeamento de desenvolvemento que estableza a ordenación detallada deste ámbito deberá observar esta limitación, localizando sobre a servidume de protección as zonas verdes ou outros usos compatibles co disposto na Lei de Costas.*

25. *Nada que obxectar en canto se refire ós terreos do sector S-01-R Rotea que ocupan a servidume de protección .*

26. *En canto a observación realizada no punto que se relaciona no informe sectorial, se trata dunha previsión contida na propia Lei de costas, sen que se estime indispensable a reprodución do contido do teor literal.*

27. *Nada que obxectar.*

28. *No que respecta o suposto incumprimento do artigo 25 da Lei de Costas, é necesario informar que a ordenanza que regula o solo rústico de protección especial de costas reproduce o contido do artigo 38 da Lei 9/02.*

*Polo que respecta a esixencia dunha ordenanza especial que regule a servidumbre de protección, non existe norma que obrigue a incluír dentro da normativa do plan xeral tal regulación. Por outra parte, estímase suficientemente regulado na normativa urbanística do plan xeral e na propia lexislación sectorial o réxime de uso do solo no caso que estea afectado por servidumbres de protección do dominio público.*

*29. Non se pode estar de acordo co informado pola CPTOPT no que respecta á suposta imposibilidade de coñecer si se dá cumprimento o contido do artigo 30 da Lei de Costas. En efecto, estímase que a documentación remitida permite o coñecemento e análise das esixencias legais previstas no artigo 30 da Lei de Costas.*

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás dez horas e corenta e cinco minutos. Como secretaria dou fé.  
me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Lucía Molares Pérez.